

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN
INTERNA, DUNHA PRAZA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, FUNCIONARIO DE
CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022
PUBLICACION DA BAREMACIÓN DEFINITIVA DE MÉRITOS E DATA CORREXIDA
DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

Publicado o 12 de maio de 2023 na web e no taboleiro municipal anuncio relativo á baremación definitiva de méritos e data do primeiro exercicio, e detectado un erro nesta última, procédese a publicar o presente anuncio debidamente corrixido, axustado á base oitava das que rexen a convocatoria, fixando a data correcta de realización do primeiro exercicio que será o 12 de xuño de 2023.

Reunido o tribunal do proceso selectivo para a provisión, por promoción interna, dunha praza de oficial da Policía local, en sesión celebrada o 14 de marzo de 2023, e realizada a baremación de méritos da fase de concurso, o resultado foi o que se detalla a continuación:

Apelidos e nome	A.1.- Titula-ción (4) *	A.2.- Anti-güidade (4) *	A.3.- Formación e docencia (8) *				A.4.- Distin-cións e re-compensas oficiais (2) *	A.5.- Idiomas (4) *	A.6.- Lingua galega (2) *	Total	Total ponder ado **					
			A.3.1.- FP continua		A.3.2.- Docencia											
			A.3.1.1.- Cursos AGSP	A.3.1.2.- Cursos Homolo-gados	A.3.2.1.- Directa-mente coa AGSP	A.3.2.2.- Outras										
Blanco Castro, Esteban	1,50	3	7,75						1	13,25	2,208					
Gómez Miramontes , José Martín	1,50	2	8						1	12,50	2,083					
Orge García, Ignacio	1,50	3,8	8						1	14,30	2,383					
Viña Feás, Alejandro	3,50	3	8						2	16,50	2,75					

* Puntuación máxima do apartado.

** Puntuación ponderada (base novena e artigo 32.1 b) do Decreto 243/2008, do 16 de outubro).

De conformidade co establecido na base oitava das que rexen o proceso selectivo, o 16 de marzo de 2023 procedeuse a publicar a puntuación da baremación de méritos no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, aperturándose un prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para que as persoas aspirantes que o consideraran oportuno puideran presentar reclamacións contra a baremación, ante o propio Tribunal, rematando o prazo o 23 de marzo de 2023.

Con data de 17 de marzo de 2023, **D. Ignacio Orge García presenta reclamación** na que, ao considerar que existe un erro no cómputo relativo ás certificacións académicas, apartado A1, titulacións, ao non aparecer reflectidas as súas titulacións (título de bachiller, diplomatura en profesorado e graduado universitario en ciencia policiais), solicita que se revise o cómputo realizado correspondente ás titulacións académicas e que se puntúen de acordo co establecido nas bases publicadas no BOP nº 173, de 12 de setembro de 2022 relativas á praza convocada (rex. entrada nº 202399900000863).

Reunido o Tribunal o 24 de abril, tendo en conta que o título de bachiller non consta na documentación presentada polo sr. Orge dentro do prazo de presentación de instancias, acordou **rexeitar a reclamación presentada**, segundo o establecido na base novena e no anexo II das Bases que rexen a convocatoria, segundo os cales non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias (base novena) e non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que posúa máis dunha (anexo II).

De acordo co exposto, a **baremación definitiva** da fase de concurso, que coincide coa inicial, é a que se recolle a continuación:

Apelidos e nome	A.1.- Titulación (4) *	A.2.- Antigüidade (4) *	A.3.- Formación e docencia (8) *				A.4.- Distincións e recompensas oficiais (2) *	A.5.- Idiomas (4) *	A.6.- Lingua galega (2) *	Total	Total ponderado **					
			A.3.1.- FP continua		A.3.2.- Docencia											
			A.3.1.1.- Cursos AGSP	A.3.1.2.- Cursos Homologados	A.3.2.1.- Directamente coa AGSP	A.3.2.2.- Outras										
Blanco Castro, Esteban	1,50	3	7,75						1	13,25	2,208					
Gómez Miramontes, José Martín	1,50	2	8						1	12,50	2,083					
Orge García, Ignacio	1,50	3,8	8						1	14,30	2,383					
Viña Feás, Alejandro	3,50	3	8						2	16,50	2,75					

Así mesmo o Tribunal, nas sesións celebradas o 24 de abril e o 10 de maio de 2023, acordou convocar aos aspirantes, para a celebración da primeira proba da fase de oposición, o **luns 12 de xuño, ás 12:00 horas, no Centro Sociocultural de A Ramallosa**. O tribunal reunirase, ás 08:00 horas do mesmo día, na Casa do Concello, para a configuración da citada proba.

De acordo co establecido na base oitava das que rexen a convocatoria, indícase así mesmo que, segundo a Resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia 2022 (DOG nº 24, do 4 de febreiro de 2022), a **orde de actuación** das persoas aspirantes no proceso comezará por aqueles cuxo primeiro apellido comece pola **letra “T”**.

Teo, 15 de maio de 2023.

A secretaria do Tribunal

Virginia Fraga Díaz